

A AELG pide a dimisión do Valedor do Pobo por "incumprimento" das súas funcións en defensa do galego

13.12.2011

A CORUÑA. EP

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) pediu a dimisión do Valedor do Pobo, Benigno López, por "incumprimento das s. as funcións" respecto á defensa do galego, sinala nun comunicado.

Nel, expresa o seu "profundo malestar" polas informacións recollidas en diversos medios de comunicación sobre a decisión do Valedor do Pobo de dirixirse á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para pedir a retirada dun libro de texto.

En concreto, alude a unha publicación de Coñecemento do Medio, en Educación Primaria, e sinala que esta petición fíxose "por recoller de xeito literal o disposto respecto á lingua galega polo Estatuto de Autonomía no seu artigo 5.1" en referencia á definición do galego como lingua "propia" de Galicia.

Esta entidade asegura que esta petición "acollida de xeito inmediato por parte da Consellería de Educación" supón unha "negación e deslexitimación da redacción do propio Estatuto de Autonomía" e o acusa como "un ataque máis" ao galego.

Por iso, pide unha "rectificación inmediata" por parte do Valedor do Pobo, así como a súa dimisión "pois en reiteradas ocasións manifestou o incumprimento das súas funcións respecto á defensa do galego como lingua normalizada", conclúe no seu comunicado.